


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

24-25 de abril do 2021

IV DOMINGO DO TEMPO DE PASCUA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *A Cristo cantamos*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Na lectura do Libro dos Feitos de hoxe, o Apóstolo Pedro deixa admirados a todos coas súas palabras testemuñando a Resurrección de Xesús. A forza coa que se expresa venlle da vida e a convivencia con El.

No evanxeo, Xesús móstráenos hoxe como o BO PASTOR que dá a súa vida polo seu rabaño e o fai porque lle importa. Sabémolo porque a súa vida e a súa palabra son cribles, fíxose realidade esa entrega súa na cruz por todos nós. Por iso o tema da nosa celebración esta semana é PASCUA NA PALABRA CRIBLE.

Queremos tamén que as nosas palabras e a nosa vida sexan un testemuño verdadeiro da presenza de Xesús no medio de nós. A súa e a nosa é unha palabra que ensina, aconsella e alenta. É unha Palavra que nos dá luz.

(pode acenderse a veliña da Pascua)

🎵 *A Cristo cantamos na luz*

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Neste tempo de Pascua, coa Luz de Xesús Resucitado, non esquezamos a súa presenza no medio de nós e deixemos que nos fale, no noso fogar, como facía cos discípulos, e ilumine o noso camiñar nas dificultades que se presentan cada día e sobre todo neste tempo de pandemia.*

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

Señor Xesús,
que a túa PALABRA nos ensine o camiño,
que nos alente na responsabilidade
á hora de sermos nós homes e mulleres de palabra,
de esperanza cada día,
sentindo que a vida sempre vale a pena,
aínda que ás veces no camiño haxa rutinas e mentiras.

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se atopan sos e necesitados de palabras de alento e esperanza, a todos nos conceda a súa luz e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Esta oración xunta as nosas intencións para pedirlle ao Pai que nos axude a entender a mensaxe de Xesús, o noso Bo Pastor.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus de misericordia, guíanos á asemblea do ceo; que a pesares das nosas debilidades e da xordeira á túa PALABRA, cheguemos aos pastos verdecentes do teu Reino, onde nos agarda Cristo, o Bo Pastor, Vivo e Resucitado por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

San Pedro diríxese ao pobo aproveitando do milagre do tolleito para falar de Xesús de Nazaret Resucitado e Luz do mundo.

Xesús móstrasenos coma Bo Pastor. Di que nos coñece polo noso nome e que se preocupa de nós.

Escoitemos esta voz, pois non é unha palabra máis, é PALABRA VIVA dirixida a cada un de nós.

LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela, Pedro, cheo do Espírito Santo, díxolles:

- Xefes do pobo e anciáns, xa que nos demandades polo favor feito a un enfermo e sobre o xeito de como se curou, sabede todos vós e sáibao o pobo de Israel que é no nome de Xesús Cristo de Nazaret, a quen vós crucificastes e Deus resucitou de entre os mortos: por El está este home en pé e san diante de vós. El é a pedra que refugastes vós, os construtores, e que se converteu en pedra esquinál. En ningún outro hai salvación, porque non hai ningún outro nome baixo do ceo, dado aos homes, no que nos poidamos salvar.

Palabra do Señor

♪ 43 *Quen nos vai separar de ti* **SALMO**

(*en pé*) Xn 10, 11-18 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela dixo Xesús:

- Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas. O criado, que non é pastor, de quen non son as ovellas, cando ve vir o lobo, deixa as ovellas e foxe e o lobo rapínaas e dispérsaas; porque el anda ao xornal e as ovellas non lle importan.

Eu son o Bo Pastor: coñezo as miñas e as miñas coñécenme a min. Igual que o Pai me coñece a min e eu coñezo o Pai, e dou a miña vida polas ovellas.

Teño ademais outras ovellas que non son deste curro: tamén a esas as teño que guiar, e escoitarán a miña voz e farase un único rabaño e un único pastor.

Por iso ámame o Pai: porque eu dou a miña vida, para tomala de novo. Ninguén ma quita; non, eu doua voluntariamente. Teño poder para dala e teño poder para tomala de novo. Este mandato recibino do meu Pai.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

"EU SON



O BO PASTOR"

Nestas semanas estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana imos ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante

Fai unhas semanas falábamos da Pascua no lume, no fogar, arredor da lareira; a semana pasada falamos da Pascua na luz, no dar bo exemplo; e hoxe o signo é PASCUA NA PALABRA CRIBLE, na que acabamos de escoitar a Xesús, Bo Pastor.

Pero o certo é que moitas veces esta Palabra de Deus non entra na nosa vida porque estamos acostumbrados a escoitala e non sentimos que sexa dirixida a cada un de nós. E por iso non sabemos o que nos estamos a perder.

Pola contra, se escoitamos con atención as palabras que Xesús nos dirixe a cada un de nós en cada celebración na que participamos, darémonos conta de que nelas atoparemos todo o que necesitamos para ser de verdade as súas testemuñas na vida de cada día. Será para nós unha forza que nos axude a entender os acontecementos que xorden e aos que precisamos dar solucións.

Monitor/a

(o monitor lee os textos que están no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

PASCUA NA PALABRA CRIBLE

Palabra que ensina, aconsella e alenta

A Biblia é a PALABRA DE DEUS, e Xesús faina PALABRA VIVA



Dinos Xesús:

"Quen escoita as miñas palabras ... e as leva ao corazón, constrúe a súa vida sobre rocha, non sobre aréa". Mt 7, 24-29

Descarga a súa Palabra na túa vida.



Falar do que pensamos e do que sentimos, non calalo, é algo que sempre valerá a pena. Sigamos o exemplo de Xesús: escollamos ben que dicir, cando dicilo e como dicilo.



(en pé) **PROCLAMAMOS A NOSA FE**

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos alentar pola PALABRA CRIBLE da fe que recibimos no bautismo, antes de proclamar o credo renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar contra o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a insolidariedade e a envexa?

Si, estamos dispostos

Celebrante Deixándonos quecer á beira do lume da fe, renovamos agora o noso credo: o da esperanza, o da PALABRA, o da vida en Cristo Resucitado.

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima e nos dá folgos co seu corazón cheo de vida e tenrura para todos?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a facer ben, acollendo e dando unha man para COIDAR e mellorar a vida de cada muller e cada home?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo mellor COIDADADO e que nos alenta forza para estar á beira de quen se sente inxustamente tratado?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai cribre en cada fogar, dando unha man para facer do mundo e da natureza casa común na que todos os homes e mulleres merecen dignidade e respecto?

SI, CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos por esta fe pascual que compartimos e sentindo viva en nós a PALABRA do Resucitado presentamos a Deus a nosa oración dicindo:*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

✓ Señor, iniciamos a nosa pregaria pedindo pola Igrexa, fogar dos que escoitan a Palabra viva de Xesús; que saibamos camiñar con espírito de diálogo, escoitando e respectando, oremos

✓ Señor, rezamos polos homes e mulleres que son un bo exemplo coas súas PALABRAS, cos seus sentimentos, cos seus feitos. Queremos que o sigan facendo á nosa beira ensinándonos que tamén nós podemos facelo, oremos

✓ Polos traballadores e traballadoras que nestes días miran o seu futuro con pouca esperanza, oremos

✓ Polas persoas que teñen responsabilidade no mundo laboral, que teñan oídos atentos, que non calen abusos, e que loiten por un mundo laboral máis xusto e digno, oremos

✓ Polos voluntarios e profesionais que tanto ben fan nestes días. Son para todos nós unha palabra de alento. Por eles, oremos

(Invitamos a facer algunha petición máis)

Celebrante Señor, Ti es o noso Bo Pastor. Que saibamos escoitar a túa PALABRA e recoñecerte na nosa igrexa de fogar celebrando a fe. Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante:

Coma Xesús queremos pousar a nosa vida nas mans do Pai; pedimos hoxe que sexamos testemuñas da súa PALABRA de amor sendo coherentes e responsables facendo o seu Reino. Rezamos:

NOSO PAI...

SIGNO DA PAZ

Celebrante:

PAZ CONVOSCO é o saúdo do Resucitado. Hoxe o signo da paz neste momento quere mostrar que todos nós formamos unha familia unida nos sentimentos que nos transmite a fe. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa paz e esa esperanza que nos desexamos.

NON COMULGAMOS

PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: *Da man dos Apóstolos botaba a camiñar a primeira comunidade dando testemuño da Resurrección.*

Aqueles primeiros discípulos, reunidos en igrexa de fogar, escoitaban a PALABRA de Xesús transmitida polos que a escoitaron de primeira man.

Ditosos nós que hoxe fomos convidados a escoitar esas mesmas PALABRAS de Xesús e a compartilas nesta Pascua do Señor.

CANTO 🎵 *No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Pai santo, queremos vivir seguindo as PALABRAS do teu fillo Xesús. El, dende esta igrexa en fogar, aléntanos e ensínanos a seguilo. Quérenos dando razón da nosa esperanza a todos os que nos atopemos no camiño da vida, xa sexa porque procuran de nós unha palabra de comprensión, ou un berro a prol da xustiza. Pedímoscho a Ti, Pai, por Cristo noso Bo Pastor, que Resucitado vive e reina por sempre eternamente. Amén.

Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición. Amén

Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna. Amén

Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo. Amén

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.




**Bendito ti, Xesús resucitado
coas feridas da lanza e mais os cravos.
Bendito para sempre ti es loado,
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá
e no cantar do paxaro ao espertar.
Bendito na auga fresca e rebuldeira
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece
o duro traballar coa súa anada,
bendito na esperanza que se esforza
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84
do noso cancionero de Os Cotos)*

ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA